

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS
DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2008

RELACIÓN DE ASISTENTES

- D. Luciano García Alén, vicepresidente 1º do Padroado do MPG
- D. Fernando Acuña Castroviejo, vicepresidente 2º do Padroado do MPG
- D. Justo Beramendi González, Presidente da Xunta Reitora do MPG
- D. Carlos García Martínez, Director do MPG
- D. Lino Lema Bouzas, Tesoureiro do MPG
- D. Iván Area Carracedo, en nome propio e en representación da Universidade de Vigo
- D. Xosé C. Beiró Piñeiro
- D^a Fátima Braña Rei
- D. J. David Conde Lourido
- D^a Rosa Méndez García
- D. Xaquín Penas Patiño
- D^a Xulia Vázquez Randulfe
- D. Manuel Vilar Álvarez
- D. Manuel Vilas Tubío
- D^a A. Laura Arribas González
- D. Fernando Arribas Arias
- D. José Benito Arribas Arias
- D^a Ana Barbazán Iglesias
- Representante do Concello de Sanxenxo
- D. Arsenio Díez Baamonde
- D^a Esperanza Delgado Rosende
- D^a Ana Estévez Lavandeira
- D. Xoán Xosé Fernández Abella
- D. Severiano Fernández Hervías
- D^a Nieves Herrero
- D. Xosé Ramón Mariño Ferro
- D^a Rosa Martínez Ferreiro
- D. Luís Martul Tobío
- D. Ángel Núñez Sobrino
- D. Javier Otero Llovo, en representación de Radio Galicia – Cadena Ser
- D. Avelino Pousa Antelo
- D. Antonio Reigosa Carreiras
- D. José Luis Rodríguez Bravo
- D. Manuel Suárez Varela
- D. Xepe Torres Reino
- D. Fernando Vila Brión
- D. Manuel Caamaño Suárez, secretario da Xunta Reitora, en nome propio e en representación do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da Coruña

DESCULPAN A ASISTENCIA

- D. Miguel Anxo Fernández Fernández
- D. Xulio Xiz Ramil
- D. Gerardo Zugasti Enrique
- D. José María Bouzas Araujo

En Santiago de Compostela, no auditorio do Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea ordinaria de socios, que dá comezo ás 11.30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D. Luciano García Alén, coas asistencias e inasistencias relacionadas máis arriba.

Abre a sesión o presidente da Asemblea, D. Luciano García Alén, que desculpa e lamenta a imposibilidade de poder asistir D. Isaac Díaz Pardo, e manifesta a importancia da

sesión para os socios que van recibir a insignia do Museo pola súa fidelidade á institución durante vinte e cinco anos. A seguir procédese a tratar a Orde do Día.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DO 5 DE MAIO DE 2007

Apróbase. O socio D. Manuel Vilar considera que abondaría coa inclusión da acta na web do Museo e acórdase que no futuro non se procederá á súa lectura na asemblea.

2. INFORME DA XUNTA REITORA

D. Justo Beramendi, presidente da Xunta Reitora, informa das seguintes cuestións:

1º. Relacións co Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

No mes de xuño de 2007 o presidente do Padroado, o da Xunta Reitora e o director do Museo entrevistáronse co Xerente do Consorcio. Na reunión o Consorcio comprometeuse a facerse cargo do proxecto de climatización do Museo e da redacción do Plano Director do conxunto de San Domingos, e tratouse da eliminación das barreiras arquitectónicas.

Verbo da climatización, o incumprimento por parte dos técnicos enviados polo Consorcio de non ter redactado o proxecto para despois do verán fixo que non se puidera aplicar unha partida orzamentaria que tiña reservada a tal fin a Consellería de Cultura e que o tema quedara pendente ata que se realicen as previsións do Plano Director.

Referente a este, as conversas entre o Consorcio e o Padroado culminaron na sinatura dun protocolo de colaboración o 12-IX-2007 e, en cumprimento do mesmo, constituíuse unha comisión bipartita Consorcio-Padroado. A comisión, coas asistencias técnicas contratadas polo Consorcio, procedeu á recompilación dos datos necesarios para a redacción da memoria, fíxose un levantamento dos planos e debateuse a reasignación de usos dos espazos. Nestes momentos estase a ultimar a redacción do Plano Director, da que o remate está previsto para o comezo do verán, proseguindo a procura de financiamento extraordinario para realizar a remodelación e modernización das instalacións coa previsión de facela por fases durante varios anos.

2º. Entrevista coa Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

En xuño de 2007 o presidente do Padroado, o presidente da Xunta Reitora e o Director do Museo entrevistáronse coa Sra. Presidenta do Parlamento, a quen se lle solicitou un aumento da cota institucional e da que se obtivo o patrocinio polo Parlamento do segundo foro do Instituto de Estudos da Identidades, dedicado á inmigración.

3º. Homenaxe a D. Luciano García Alén

Dando cumprimento ao acordo da Asemblea do Padroado celebrada o 27 de outubro de 2007, celebrouse unha sesión extraordinaria para a imposición da medalla de ouro do Padroado a D. Luciano García Alén.

4º. Concesión da Medalla de Ouro da Cidade de Santiago ao Museo

No decurso da homenaxe a D. Luciano García Alén o Sr. Alcalde de Santiago anunciou que proporía ao pleno do Concello a concesión ao Museo da Medalla de Ouro da Cidade, proposta que, posteriormente, foi aprobada por unanimidade. O acto de entrega realizouse o 15 de febreiro na igrexa de San Domingos de Bonaval contando coa asistencia do Ministro de Cultura e outras autoridades.

5º. Programa do XXX Aniversario

Desenvolveuse segundo o previsto. O Director do Museo dará conta polo miúdo no seu informe.

6º. Instituto de Estudos das Identidades (IEI)

A Xunta Reitora considera que o IEI é unha realidade coa consolidación, de momento, dos Foros e do proxecto de recuperación e posta en valor de fontes orais. De ambas informarán con detalle os seus responsables dentro do punto correspondente.

7º. Fundación Antonio Fraguas.

O seu padroado celebrou sesións ordinarias o 20 de xuño e o 19 de novembro de 2007. A parte da secuencia normal de convocatorias e realizacións do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, cun éxito crecente de convocatoria no acto de inauguración das exposicións dos proxectos premiados, as aportacións maiores da Fundación foron:

- contribución ao financiamento da dixitalización dos fondos de fonte oral e á organización dunha xornada sobre o proxecto Sons e Voces da Identidade do IEI;
- adquisición dunha nova instalación audiovisual para o auditorio;
- a edición da tese de Fátima Braña sobre o Museo.

As sucesivas demoras na entrega do proxecto da Sala de Medio Natural, e a reiterada negativa dalgunhas entidades membros do Padroado da Fundación a contribuír a financiar a execución deste proxecto aconsellaron retiralo de momento da programación do ano próximo. En todo caso, e en función das previsións do Plano Director, o emprazamento e o formato da sala seguramente serán diferentes do inicialmente previsto.

A programación aprobada para 2008 inclúe:

- a VI edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas;
- o inicio dunha colección de publicacións con traballos premiados en convocatorias anteriores;
- a publicación do primeiro volume da obra etnográfica de D. Antonio Fraguas;
- o cofinanciamento do proxecto Sons e Voces da Identidade.

8º. Persoal

Na convocatoria de plan de emprego da Consellería de Traballo correspondente ao ano 2007, incorporáronse catro traballadoras que substitúen as da convocatoria anterior. A convocatoria de 2008, na que solicitamos oito traballadores, aínda está pendente de resolución.

A xubilación en marzo do empregado municipal encargado da portería, D. Manuel Pérez Brocos, plantexou o problema da súa substitución con cargo ao Museo, aínda que o alcalde, co que se entrevistou o Presidente da Reitora e o Director do MPG para tratar o caso e agradecerlle a concesión da Medalla de Ouro da Cidade, prometeu estudar o asunto. Por outra banda organizouse unha comida de despedida ao Sr. Pérez Brocos, con asistencia de todo o persoal do Museo e membros dos órganos directivos, debido á súa exemplar traxectoria ao servizo da institución.

Estase a manter negociacións co persoal tanto para fixar criterios sobre determinados aspectos como para debater e acordar un convenio ou acordo de empresa.

9º. Financiamento

A subvención da Consellería de Cultura incrementouse de 300.000 a 400.000 €, o que alivia os problemas económicos máis urxentes do Padroado. Tamén se resolveu, grazas sobre todo ás xestións do Tesoureiro, o problema de que toda esa subvención figuraba tradicionalmente no capítulo de investimentos, o que obrigaba a sortear a norma para dedicar a maior parte a gastos correntes, como era imprescindible. O Sr. Tesoureiro informará dos demais aspectos de interese sobre este capítulo.

10º. Outros asuntos

En cumprimento de senllos acordos da asemblea do Padroado enviouse a todos os patróns un documento informativo sobre os pros e os contras do posible cobro de entradas ao Museo, cobro do que en calquera caso estarían exentos os socios, así como grupos de escolares.

Tamén se formou unha comisión redactora da proposta de desenvolvemento do regulamento de réxime interno para os procedementos electoral e de admisión de novos membros do Padroado, asuntos que se resolverán na asemblea do Padroado do vindeiro 31 de maio.

11º Tesourería

O Tesoureiro, D. Lino Lema Bouzas, informa do estado actual da economía do Museo. Sobre o peche do orzamento de 2007 notifica que xa está realizado e que as previsións cumpríronse: os 487.000 euros de ingresos previstos eleváronse en 90.000 máis; os gastos estiveron na liña marcada, e a diferenza entre ingresos e gastos foi de 21.000 euros.

Verbo do orzamento de 2008, informa que se superaron os 600.000 euros por primeira vez, debido ao incremento da achega da Xunta de Galicia. A aportación dos 870 socios é importante, aínda que nos correspondentes a 72 concellos hai incumprimento no pago da anualidade en moitos casos.

No ano 2007 producíronse 27 altas de socios e no capítulo de gastos fíxose a previsión de 5.000 euros para a Oficina dos Socios.

A exposición do Tesoureiro mereceu a aprobación dos asistentes.

3. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

O Director, D.Carlos García Martínez propón que, para non prolongar en demasía a sesión, a información se lles envíe aos socios e se colgue na páxina web.

4. INFORME DA OFICINA DOS SOCIOS

O representante da Oficina dos Socios, D. Manuel Vilar Álvarez, informa de que a intención de chegar a esta asemblea co volume 3 da revista ADRA logrouse con dificultade, aínda contando con numerosas colaboracións entre as que salienta a artística. Comenta que hai socios que se queixan de non poder recibila e para corrir esa eiva tenciónase colgar na web do MPG os PDF dos catro primeiros volumes.

Notifica que no próximo curso se fará a exposición “Entre amigos”, e que moi posiblemente se faga fóra do recinto do Museo a presentación de ADRA.

D. Justo Beramendi manifesta que o Museo se sente recoñecido e agradecido polo grande esforzo que levou a consolidar a publicación dunha revista.

5. PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DA COTA ANUAL

A Xunta Reitora propón a actualización das cotas: a dos socios eleva de 22 a 25 euros, acordo que se poñería en vixencia en 2009, e a dos socios institucionais quedaría en 125 euros anuais. APRÓBASE A PROPOTA.

6. IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO AOS SOCIOS E SOCIAS CON 25 ANOS DE ANTIGUEDADE.

Procédese á entrega da insignia aos socios presentes:

- D. Fernando Arribas Arias, que recolle tamén a de D. Antonio Reigosa
- D. José Benito Arribas Arias
- D^a Ana Barbazán Iglesias
- D. Xosé Ramón Mariño Ferro
- D. Luís Martul Tobío
- D. Javier Otero Llovo, en representación de Radio Galicia – Cadena Ser
- D. José Luís Rodríguez Bravo
- D. Xepe Torres Reino
- D. Fernando Vila Brión

O Presidente da Asemblea, D. Luciano García Alén, dirixe unhas palabras de felicitación e agradecemento aos socios.

7. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

D. Fernando Arribas propón que se felicite ao Museo Provincial de Lugo por cumprir os 75 anos de vida, proposta que se aproba.

D. Manuel Vilar Álvarez transmite a felicitación da Oficina dos Socios a D. Justo Beramendi González pola concesión do Pedrón de Ouro 2008. Á vez fai entrega ao Museo dunha lámina do pintor Iglesias Diz.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:15 horas do que, como secretario, dou fe.

Vº e Prace, o presidente en funcións,

Luciano García Alén

Manuel Caamaño Suárez